

MEMORIA DE ACTIVIDADE 2023

- PROXECTO ABRINDO CANCELAS CON FLORES
- PROXECTO RESPECTÁNDONOS
- PROXECTO DE APOIO E FOMENTO DO VOLUNTARIADO PARA O ACOMPAÑAMENTO A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE MORGANA

PROXECTO “ABRINDO CANCELAS CON FLORES”

O obxectivo principal é mellorar a convivencia a través de fortalecer as capacidades cooperativas do tecido social dentro da prisión para xestionar, pola vía do diálogo e de forma non violenta, os conflitos e os retos do dinamismo social e da diversidade.

Obxectivos específicos:

- Reducir o nivel de conflictividade, mediante a prevención e a xestión pacífica dos conflitos.
- Fomentar a convivencia facendo ás partes en conflito partícipes e corresponsables da xestión das súas diferenzas.
- Mellorar o diálogo entre as persoas aceptando que o conflito ten unha vertente positiva.
- Prever a violencia dentro da prisión potenciando a aprendizaxe dunha ferramenta, como a mediación, orientada á resolución construtiva de conflitos.
- Facilitar a adquisición de estratexias e habilidades necesarias para a xestión de conflitos.
- Fomentar un clima socioafectivo entre as persoas que participen en actividades de mediación e de formación para a mesma, de tal modo que poidan experimentar unha vivencia de encontro interpersonal.

ÁMBITO TERRITORIAL E PERSOAS DESTINATARIAS

O proxecto lévase a cabo no Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar, situado na provincia de Ourense, dende maio de 2019 ata a actualidade, financiado pola Secretaría de igualdade co procedemento SI427A, de atención a mulleres en situación de vulnerabilidade. As persoas destinatarias foron as internas no módulo de mulleres e as mulleres o saír de prisión.

ACTUACIÓNS

- Servicio de Mediación no módulo de Mulleres
- Obradoiros de habilidades para a xestión de conflitos en prisión
- Grupo de Axuda Mutua
- Atención psicolóxica
- Servicio de orientación psicosocial e orientación laboral á saída de prisión.

RESULTADOS

Atendéronse 19 mulleres co programa durante 2023. Nos obradoiros participaron 11 mulleres:

- Nº de mulleres que reciben atención individual da psicóloga: 6

- nº de mulleres que participan no grupo de axuda mutua: 15
- Nº de casos atendidos no servicio de mediación: 18
- Nº de Mulleres que realizan algunha consulta a traballadora social: 7
- Nº de Mulleres que realizan o itinerario de orientación laboral: 3

PROXECTO RESPECTANDONOS

Co proxecto Repectándonos, cofinanciado pola Deputación Provincial de Ourense, pretendemos mellorar a convivencia a través de fortalecer as capacidades cooperativas dos homes presos do Centro penitenciario de Pereiro para xestionar, pola vía do diálogo e de forma non violenta, os conflitos e os retos do dinamismo social e da diversidade.

ACTUACIÓNS

SERVICIO DE MEDIACIÓN

As prisións enfróntanse cada día a numerosos conflitos interrelacionais, os cales se desenvolven polo simple feito da convivencia ordinaria. Moitos destes, conclúen con medidas restritivas por parte das institucións, pero moitos outros quedan sen resolver. Isto provoca que en moitas ocasións sexan as propias internas as que os xestionen dunha forma inadecuada. A mediadora ofreceu mediante o proceso de mediación, a posibilidade de resolver o conflito de maneira dialogada, a través do respecto, a escoita do outro e a responsabilidade pola propia implicación. A figura que acompaña o proceso é a mediadora, a cal é foi a guía que lles axudou. Desde un segundo plano, a persoa mediadora empregou os seus recursos para axudar ás partes para lograr os seus obxectivos, reducindo a tensión, facilitando a comunicación entre estas, axudando na formulación de propostas positivas e acordos, promovendo a reflexión das partes sometidas a tensións e conflitos e xerando confianza nas propias solucións das partes implicadas.

As mediacións foron solicitadas por algunha das partes implicadas ou por ambas, neste servizo abordáronse conflitos entre os propios internos, entre estas e as persoas funcionarias e entre as persoas internas e as súas familiares:

- Mediación entre persoas internas por conflitos derivados da convivencia: Ofreceuse ós internos a posibilidade de aprender a percibir e interpretar os conflitos desde outro punto de vista, tendo en conta o interese propio pero tamén o da outra persoa.
- Mediación entre internos e persoas funcionarias: O desequilibrio de poder entre as persoas funcionarias e as presas poden dar lugar a numerosos conflitos que é necesario abordar dende unha perspectiva máis integradora que o mero sistema punitivo.
- Mediación entre internos e familiares: Ofrecemos un servizo de mediación ás presas cos seus familiares, para que as persoas encarceradas, e sobre todo as súas crianzas menores ou familiares teñan a oportunidade de seguir gozando dunha organización familiar parecida á anterior existente á entrada en prisión ou a posibilidade de que a presa colabore na nova estrutura familiar e na pauta de comportamento das persoas que as integran. Pretendeuse conseguir a mínima deterioración posible de os lazos afectivos existentes entre o preso e os seus familiares e posibilitar á persoa interna a intervención na reestruturación da contorna familiar (por exemplo no caso do coidado de menores).

OBRADOIROS DE HABILIDADES DE XESTIÓN EMOCIONAL

Ademais de que as persoas presas experimenten en primeira persoa como resolver os seus problemas a través da mediación, é necesaria unha intervención desde un modelo integrador, por iso vemos fundamental

formar ás persoas internas en habilidades para a resolución de conflitos. Nas sesións traballáronse as seguintes cuestións:

- Autoestima e autoconecemento.
- As emocións: como detectalas e xestionalas
- Comunicación, habilidades e ferramentas.
- O Conflito, visión positiva e xestión.

Estes obradoiros tiveron unha duración total de 33 horas, cunha sesión semanal de 90 minutos.

OBRADOIRO DE TEATRO TERAPÉUTICO

O Taller de Teatro Terapéutico pretendeu mellorar o benestar psicolóxico. Mediante a dramatización mellóranse as habilidades socioemocionais, o que implica unha mellora na capacidade para recoñecer, xestionar e expresar as emocións e mellorar as habilidades interpersonais. As persoas participantes adquiriron no transcurso das sesións ferramentas emocionais a través dos roles e o desenrolo da espontaneidade a través dos xogos creativos. O xogo foi a ferramenta para traballar ritmos, psicomotricidade, coordinación, disposición do ánimo... Unido á compoñente lúdica usamos a música como elemento dinamizador. A través das dinámicas representativas adestrouse a capacidade de confrontación de conflitos internos e externos, xerando unha maior sensación de seguridade. Cada sesión tivo a seguinte estrutura:

1. Quecemento Actividades de movemento corporal e activación, para preparar os corpos e os sentidos para o traballo da sesión.
2. Dinámicas teatrais Traballo con xogos, role playing e dinámicas teatrais de diferentes contidos emocionais e aprendizaxe de ferramentas que poderán ser levadas a vida cotiá: consciencia corporal, os sentidos, a relación co espazo e cas outras, movemento, acción e personaxes.
3. Improvisación ou dramatización Por a proba o exercitado nunha improvisación acompañada pola facilitadora ou expoñer un texto previamente memorizado.
4. Relaxación Actividades de relaxación conscientes, a través da respiración e imaxinación guiada.

Estes obradoiros tiveron unha duración total de 33 horas, cunha sesión semanal de 90 minutos.

RESULTADOS

- Número de casos atendidos no servizo de mediación: 10 casos.
- Participantes no obradoiro de Xestión emocional: 10 internos.
- Participantes no obradoiro de Teatro Terapéutico: 10 internos.

PROXECTO DE APOIO E FOMENTO DO VOLUNTARIADO PARA O ACOMPAÑAMENTO A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE MORGANA

Este proxecto levouse a cabo na cidade de Ourense. O local situado na rúa Doutor Marañón 13 e foi financiado polo Servizo de Voluntariado de Política Social da Xunta de Galicia.

Traballouse con medidas de acción positiva para á igualdade e a promoción da autonomía persoal e a integración social, buscando o desenvolvemento das capacidades das persoas participantes. A través das áreas de comunicación, sensibilización e información do proxecto, tentouse impulsar a introdución da perspectiva de xénero.

Nas actividades participaron persoas con diversidade funcional. O local da entidade é accesible para cadeiras de rodas xa que está a nivel da rúa. Para as xornadas había a posibilidade de tradución en lingua de signos, a través dunha socia que o faría de xeito voluntario, pero non se deu a necesidade.

ACTUACIÓNS

Dividíronse as accións en cinco liñas de actuación:

- Información e difusión do servizo de voluntariado
- Coordinación do voluntariado da entidade.
- Información e Sensibilización á poboación en xeral.
- Programación de accións formativas para o voluntariado da entidade.

INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DO SERVIZO DE VOLUNTARIADO



Utilizáronse varias vías de promoción do servizo para chegar á comunidade, como cartaces en lugares chave. Toda a publicidade e material creado relativo á actividade subvencionada será realizada en lingua galega.

Tamén se difundiron as actividades dende a web e as redes sociais:

[Proxecto de voluntariado](#) | [Misitio \(asociacionparticip.wixsite.com\)](#)



COORDINACIÓN DO VOLUNTARIADO DA ENTIDADE

A persoa responsable de coordinación, encargouse da recepción do voluntariado, concretar o seu compromiso de acción, programar a súa formación e supervisar a súa actividade.

Un dos principios fundamentais desta metodoloxía é o de interacción. Tamén esta metodoloxía apóiase, nun principio de actividade. Téntase que as participantes se sintan protagonistas. Hai que ofrecer a oportunidade a todas de implicarse en tódalas actividades mediante a acción directa e ofrecéndolles a posibilidade de facer achegas sempre que o desexen.

Foi a encargada de organizar ó persoal voluntario da asociación, para facer acompañamentos para diversa xestións ou visitas e recados, a persoas recluídas temporalmente no seu domicilio por problemas de saúde puntuais.

As actividades a desenvolver polas persoas voluntarias dentro do proxecto foron:



- Acompañamentos para diversas xestións.
- Visitas e recados a persoas recluídas temporalmente no seu domicilio por problemas de saúde puntuais.
- Atención puntual ás persoas dependentes destas mulleres, tanto crianzas como maiores para facilitar a saída a citas médicas, actividades formativo-laborais ou diversas xestións.
- Apoio na planificación e desenvolvemento das actividades de sensibilización e de ocio e tempo de lecer.

No compromiso de acción voluntaria recolléronse as responsabilidades e deberes do posto:

- Actividades a realizar pactadas.
- Establecer un horario e esixir puntualidade.
- Establecer unha comunicación empática coas persoas maiores que se acompañan.
- Respecto á diversidade.
- Tolerancia con outras formas de pensar que respecten os dereitos humanos.

A persoa voluntaria coordinarase coa Coordinadora do voluntariado para realizar o servizo. Na primeira toma de contacto co programa as persoas voluntarias foron acompañadas pola coordinadora de voluntariado. Desenvolveuse unha xuntanza co persoal voluntario e coa Presidenta da entidade quincenalmente para facer un seguimento da actividade voluntaria.

PERSOAS VOLUNTARIAS	HORAS ANUAIS REALIZADAS
2	160
1	144
1	128

FORMACIÓN PARA AS PERSOAS VOLUNTARIAS

Durante as xornadas formativas desenvóléronse actividades e casos prácticos, así como a análise de exemplos e os seus resultados.

A metodoloxía utilizada foi a activa-participativa e conversacional, dende o modelo aprender facendo, e que na exercitación da técnica de mediación tradúcese na aplicación dos contidos a situacións reais e vivenciadas.

O principio de motivación tamén se inclúe. Supoñemos que esta é materia do seu interese, ademais incluíranse actividades activación de ideas para favorecer a implicación dos asistentes.

Os contidos tratáronse de forma atractiva sempre unidos a un proceso de reflexión, a través de técnicas como:

- Dinámicas para constituír grupo (de presentación, de coñecemento, de cohesión do propio grupo).
- Outras dinámicas como a choiva de ideas, traballo en pequenos grupos, posta en común, elaboración de conclusións, etc.
- Actividades de cooperación.
- Simulacros ou dramatizacións (como rolle-playing para desenvolvemento de simulacións de casos).

Todas estas técnicas confiren un carácter próximo asegurando tanto a motivación como a asimilación fluída dos contidos, favorecendo a cohesión grupal.

Realizouse unha xornada de convivio e formación entre voluntarias e socias da entidade no Albergue a Fabrica da Luz na Ribeira Sacra o sábado 29 de setembro e o domingo 1 de outubro.

Nunha primeira parte unha voluntaria da entidade desenvolveu o Obradoiro Autoamor: Creando unha relación positiva comigo, de relaxación e autocoñecemento para introducir o tema e comezar dun xeito distendido.

A continuación desenvolvéronse grupos onde se traballaron os seguintes aspectos:

- Conceptos básicos que nos permitirán por unha banda palpar o prexuízos en torno á igualdade, debater sobre eles e por outra banda aclaralos para que a conceptualización destes termos xere unha transformación de actitudes, conductas e accións.
- A Construción cultural dos roles de xénero e a detección das violencias machistas. Búscase ampliar o foco sobre as violencias machistas alén da violencia na relación de parella, procurando que o obradoiro sexa dinámico e vivencial, a través da participación e crear un espazo de apoio emocional onde as mulleres participantes poidan compartir e verse reflexadas nas violencias no ámbito familiar, de parella, laboral, espazos de ocio... que se vaian expondo.

RESULTADOS

INDICADORES	PRIMEIRO TRIMESTRE	SEGUNDO TRIMESTRE	TERCEIRO TRIMESTRE
Nº de Persoas voluntarias	4	4	4
Nº de mulleres que solicitan acompañamentos	3	10	8
Nº de mulleres coas que se realizan acompañamentos	3	10	8
Numero de horas de formación realizadas	0	0	10
Nº de persoas participantes na xornada formativa e de convivio	12		

A asistencia a xornada de formación e convivio cumpriu as expectativas, acudindo tódalas persoas voluntarias. A participación foi moi activa. A demanda de acompañamentos foi cuberta sen problema co voluntariado existente e as mulleres usuarias amosaron a súa satisfacción co servizo.

Máis información en:

<https://asociacionparticip.wixsite.com/misitio>

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100016716168593>